



## **R ratifica o seu compromiso con Mos e conectará ata 500 megas 32 núcleos do municipio dende maio**

- ***R reafirma o seu compromiso adquirido co Concello de Mos e co Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital para lles dar conectividade con fibra aos 32 núcleos obxecto do proxecto (PEBA-Plan Avanza)***
- ***Responsables da operadora mantiveron un encontro virtual coa alcaldesa de Mos e co concelleiro de Novas Tecnoloxías no que abordaron a planificación dos traballos***
- ***Prevese que as actuacións, subvencionadas polo Ministerio, conecten xa en maio á rede avanzada de fibra de R os primeiros inmobles ata rematar o plan a peche de ano***
- ***Preto de 2.200 fogares e negocios do municipio pontevedrés poderán acceder aos servizos avanzados do operador galego cando se complete o despregamento e a conexión á rede***

**Venres, 5 de febreiro de 2021.-** Arredor de 2.200 fogares e empresas de 32 núcleos das parroquias de Cela, Dornelas Guizán, Mos, Pereiras, Petelos, Sanguineda, Tameiga y Torroso, no Concello de Mos, disporán de accesos ultrarrápidos a internet de ata 500 megas simétricos e poderán dispoñer doutros servizos avanzados de telecomunicacións grazas ás redes de nova xeración de **R**.

O despregamento destas redes está subvencionado polos Fondos FEDER da UE a través do Programa de Extensión de la Banda Ancha de Nova Xeración (PEBA-Plan Avanza) do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital. Concretamente, as actuacións nos núcleos das devanditas parroquias deste concello pontevedrés enmárcanse no proxecto “Despregamento da banda larga de nova xeración con tecnoloxía FTTH nos municipios do suroeste de Galicia (Pontevedra)”. No marco deste proxecto ténselle adxudicado a **R** a conexión ás súas redes de nova xeración dun 20% do territorio desas 9 parroquias de Mos, das 10 que conforman o municipio.

## **A alcaldesa de Mos e R, compromiso mutuo**

Esta follas de ruta foi analizada nun encontro virtual entre Nidia Árevalo, alcaldesa de Mos e Leo Costas, concelleiro de Novas Tecnoloxías do municipio, con Norberto Ojinaga, CTO de **R** e co director de Desenvolvemento de Rede da operadora, Ramón Rodríguez.

Nesa reunión, **R** ratificou o seu compromiso co municipio e co Ministerio para dotar eses 32 núcleos de Mos de conexións ultrarrápidas con fibra canto antes. Ademais, detalláronse os avances acadados ata o momento por **R** neste proxecto ao tempo que se informou das datas previstas para as tarefas de despregamento, que permitirán **conectar xa en maio á rede avanzada de fibra de R os primeiros inmobles** nun plan que se completará a peche de ano.

A alcaldesa de Mos, pola súa banda, manifestou dende o primeiro momento a necesidade de responder con celeridade ás demandas de particulares e empresas destas parroquias cun servizo de telecomunicacións avanzado. E ante a vontade de esforzo e colaboración dos representantes de **R**, depositou a súa confianza en que así sexa canto antes.

Os máximos responsables de rede de **R** explicaron que foi preciso realizar unha reprogramación do despregamento da rede na zona prevista inicialmente, por mor da demora na cesión a **R** de infraestruturas por parte de terceiros, necesarias para executar os traballos na rede. Informado sobre esta circunstancia allea que lles afecta ás previsións de **R**, o Ministerio concedeulle unha prórroga dun ano para o desenvolvemento destas actuacións, contando co apoio explícito do Concello de Mos, que ten respaldado abertamente a continuidade do proxecto do operador galego.

Unha vez reprogramado o despregamento da rede para a zona, a día de hoxe xa se teñen completado os deseños de infraestrutura para cubrir os núcleos adxudicados no Plan Avanza e axilizar ao máximo o proxecto no momento no que se obteñan os permisos pendentes. Unha vez acadadas estas autorizacións, de inmediato acometeranse os traballos de tendido e cableado propiamente ditos para deixar habilitada por completo esta tecnoloxía de nova xeración nos 32 núcleos desas 9 parroquias de Mos antes de final de ano, coas primeiras vivendas e empresas conectadas en pouco máis de tres meses.

## Fogares, empresas e polígonos

Preto de 2.200 fogares e negocios do municipio de Mos poderán gozar dos servizos avanzados do operador galego cando finalice o despregamento e a conexión á rede de **R**. A maiores desta cifra, na xuntanza mantida coas autoridades municipais de Mos púxose sobre a mesa o compromiso da operadora galega noutras áreas do municipio onde nos últimos meses desenvolvéronse, por exemplo, traballos de mellora de rede para impulsar maior velocidade, seguridade e cobertura como, por exemplo, en **tres polígonos da zona**: Veigadaña, Rebullón e Avenida de Peinador.

Toda esta actividade forma parte, en suma, do intenso traballo global desenvolvido por **R** nos últimos anos para mellorar a cobertura dos seus servizos no territorio galego. A este obxectivo incuestionable da operadora ténselle dado un maior impulso, se cabe, nos últimos meses, en resposta ás crecentes necesidades da sociedade galega, nunha coxuntura tan extraordinaria coma a da pandemia que ten multiplicado exponencialmente o uso das telecomunicacións nos fogares e empresas a todos os niveis.

Ao final do encontro, Concello de Mos e **R** emprazáronse para lle dar continuidade a esta nova vía de comunicación entidade local-empresa co propósito e compromiso compartidos de lles facilitar canto antes os máis avanzados servizos de telecomunicacións aos habitantes destas parroquias do municipio.

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)